



## **MEDIDAS DE PROTECCIÓN E BENESTAR ANIMAL E DE CONCIENCIACIÓN DA CIDADANÍA SOBRE OS ANIMAIS DOMÉSTICOS.**

**Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto** por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o xoves, día 30 de novembro de 2017, a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Son numerosos os tratados internacionais, ratificados polos seus membros nos que se insta aos actores para legislar en canto á tenencia, comercio e convivencia cos animais recollendo os principios de respecto, defensa e protección dos mesmos. Unha das referencias máis importantes é a “Declaración Universal dos Dereitos dos Animais” onde se define aos animais (domésticos ou salvaxes) como seres vivos sensibles con dereitos que a especie humana debe de respectar. A Declaración, ratificada pola ONU insta os países a protexer aos animais considerando que o respecto dos animais polo home está ligado ao respecto dos homes entre eles mesmos. E considera que a educación debe ensinar, desde a infancia, a observar, comprender, respectar e amar aos animais.

No ámbito da lexislación europea, pódese citar a Resolución do Parlamento Europeo de 1996 sobre “protección e benestar dos animais” onde se poñen cotas ao comercio de flora e fauna silvestre así como outras Decisións, Regulamentos e Directivas que regulan a experimentación con fins científicos dos animais, o comercio de especies protexidas, as condicións sanitarias para o sacrificio, etc.

No noso país e atendendo ao artigo 148 da nosa Constitución, son as Comunidades Autónomas as que poden asumir competencias nesta materia. Quizais é por iso que non dispoñemos dunha lexislación actualizada e xeneral para todo o país senón que atopamos claras diferenzas entre comunidades.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia o Goberno acaba de aprobar a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia que entrará en vigor en xaneiro de 2018.

Esta lei ten que servir como guía para que os municipios elaboren ordenanzas para cumprir cos fins da mesma: Conseguir o máximo nivel de protección e benestar dos animais, en consonancia coa súa condición de seres vivos dotados de sensibilidade física e psíquica; Fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, defensa e preservación dos animais, así como na súa tenencia, acorde coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas; Compatibilizar o benestar dos animais co seu gozar e mantemento polas persoas; Harmonizar a tenencia dos animais coa convivencia social pacífica e segura; Impulsar e promover a identificación dos animais para combater o abandono e malos tratos dos mesmos.

Recolle esta lei tamén no seu artigo 9 unha serie de prohibicións entre as que destaca: os malos tratos aos animais, o abandono dos animais, manter aos animais en condicións inadecuadas ou practicar mutilacións aos animais, incluídas aquelas cuxa finalidade fose o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas.

En Veciños de Padrón onde os seus membros teñen unha especial sensibilización en todos os asuntos concernentes aos animais, cremos que o Concello debe de facilitar e proporcionar ferramentas suficientes para que se poidan cumprir estes obxectivos a través de campañas e lexislando para garantir o dereito dos animais.

O obxectivo desta moción é mellorar a convivencia entre animais e persoas dentro do noso termo municipal implementando medidas de prevención, información e sensibilización para que a través dun maior coñecemento dos dereitos e deberes dos propietarios pódase alcanzar melloras notables, sobre todo no rural.

Neste sentido explicamos brevemente as nosas propostas:

- **Instar e promover o censado dos animais e o seu chipeado.** Desde o Concello poderíase facilitar o proceso de rexistro, censado e chipeado dos mesmos mediante campañas periódicas que divulguen e incentiven o proceso.

Así mesmo sería interesante o chegar a convenios con clínicas veterinarias para que desde estas incídase na necesidade de chipear aos animais e os propietarios beneficiense de descontos á hora de facelo.

Ademais propónse que para animar ao censado regálese nun sorteo un pack de 1000 bolsas para a recollida dos excrementos, unha obrigaón á que están suxeitos todos as persoas propietarias de cans.

**- Promover a esterilización dos animais domésticos e subvencionalo dende o Concello.**

Para iso pódense realizar tanto campañas de sensibilización: charlas impartidas por profesionais veterinarios ou polas protectoras ou refuxios; creación no noso Concello do “Spay Day”, ...

Tamén sería interesante falar coas diferentes clínicas veterinarias da zona para que fixesen descontos considerables que fosen financiados desde o Concello para que se proceda á esterilización dos animais, así como para que desen facilidades de pago.

**- Campañas de información sobre a responsabilidade de ter un animal, melloras no coidado dos mesmos ou para incentivar a adopción.** Cremos fundamental que os propietarios coñezan perfectamente a lexislación que regula a tenencia dos animais domésticos e para iso é importante que desde as institucións públicas elabórense campañas periódicas de información e sensibilización tal e como recolle o Título VI da citada lei.

Estas poderíanse materializar en charlas, documentais, coloquios, etc, en centros municipais e centros educativos ou mediante visitas guiadas a centros de protección animal para ensinar sobre todo aos nenos e nenas (como recolle a “Declaración Universal dos Dereitos dos Animais”) a respectalos e coidalos.

Sería interesante que coincidindo coas datas do Nadal realizásemos campañas que promovan a adopción de animais e non a súa compra; así como de sensibilización da responsabilidade a longo prazo que supón ter unha mascota, como sabemos: non son un xoguete!

Outro aspecto importante é a información sobre ao noso entender mal chamados cans de razas perigosas. É de importancia que os donos destes cans coñezan se a súa mascota está ou non na lista destas razas e dos requisitos adicionais que leva a súa tenencia. Por iso poderíanse organizar charlas informativas en centros educativos e municipais sobre cans destas características e de presa incidindo na importancia de coñecer a ordenanza reguladora da súa tenencia e a responsabilidade que carrega.

**- Controlar as colonias de gatos.** Para mellorar a convivencia no noso municipio é importante que se controlen a colonias de gatos rueiros así como divulgar a importancia que ten o crealas e o labor de prevención en materia de transmisión de enfermidades. Aqueles lugares onde se atope unha colonia destas características debería de estar identificada cun cartel e habilitar espazos reservados para os animais.

Outro aspecto é a regulación dos alimentadores de gatos que deberían de posuír un carné que lles identificase como tal e acreditasen estar informados da normativa e da responsabilidade que teñen.

- **Uso dos medios municipais.** Deberíase de habilitar un apartado na web do Concello e unha páxina de Facebook onde se poida informar sobre animais perdidos ou abandonados dentro do Concello; requisitos da súa posible adopción ou apadriñamento e sensibilizar sobre distintos temas.

Tamén se pode promover labores de voluntariado entre a cidadanía. Un exemplo deste labor podería ser facer quedadas para ir en conxunto aos diferentes refuxios da zona e colaborar con eles en programas como “Sácame a pasear” ou outros.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación que tome os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Redacción dunha Ordenanza municipal que se adecue á Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección y bienestar de los animales de compañía en Galicia que entrará en vigor en xaneiro de 2018.
- 2.- Instar e promover o censado dos animais e o seu chipeado.
- 3.- Promover a esterilización dos animais domésticos e subvencionalo dende o Concello.
- 4.- Campañas de información sobre a responsabilidade de ter un animal, melloras no coidado dos mesmos ou para incentivar a adopción.
- 5.- Melloras no control das colonias de gatos identificando as colonias controladas e dotando aos veciños e veciñas que se interesen de carnés de alimentadores.
- 6.- Uso dos medios municipais para informar das campañas que se realicen no Concello co fin de captar persoas adoptantes, padriños e madriñas e persoas voluntarias, así como de informar de animais perdidos e dar información sensibilizadora no tema dos animais domésticos.

En Padrón, a 21 de novembro de 2017



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN**